



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 27/01/2017

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas do día vintese de xaneiro de dous mil dezasete, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D.^a Marta Rey Lema
D. José Antonio Vidal Mira
D.^a María Élda Pequeño Lorenzo
D. Anselmo Ramos Martínez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D.^a Paula Mouzo Maceiras

Non asisten:

D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a Raquel Rodríguez Amigo
D. José Manuel Rodríguez Blanco

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García
Interventora: D.^a María Lourdes Castro Pena

Con carácter previo, a Sra. Mouzo Maceiras desculpa a ausencia dos dous concelleiros do grupo mixto, Sra. Rodríguez Amigo e Sr. Rodríguez Blanco.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutive

1º. Aprobación *ope legis* das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 25 e 29 de novembro de 2016.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ningún concelleiro/a formula observacións.

Quedan aprobadas as actas da sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 25 e 29 de novembro de 2016.

2º. Alegacións á aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da protección dos camiños e vías públicas do Concello de Vimianzo.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de xaneiro de 2017, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 24 de xaneiro de 2017, que se transcribe literalmente:



" PROPOSTA DE ACORDO

Visto o proxecto de ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Vimianzo proposto pola Alcaldía, de data 17 de novembro de 2016, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 25 de novembro de 2016.

O anuncio de aprobación inicial publicouse no BOP nº 229 do 2 de decembro de 2016.

O 18 de xaneiro de 2017, con RE 2017999000006 presentou alegacións D. José Erlier Ureña, en nome da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Madera de Galicia (FEARMAGA).

O 19 de xaneiro de 2017 emitiu informe a secretaria municipal respecto do escrito de alegacións, que se transcribe literalmente no que respecta ao seu apartado cuarto:

"(...) CUARTO.- ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

Con carácter previo, debe indicarse que D. José Erlier Ojea Ureña manifesta actuar en nome da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Madera de Galicia (FEARMAGA), pero non acredita a representación. Non obstante, esta debe presumirse, ao abeiro do disposto no art. 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPCAP).

Entrando xa no fondo das alegacións presentadas, debo dicir o seguinte:

a) Infracción do principio de igualdade e non discriminación

En primeiro lugar manifesta que, respecto da ordenanza vixente, o texto aprobado incrementa a carga burocrática á que se somete ás empresas forestais. Continúa denunciando que a ordenanza infrinxe o principio consagrado no art. 14 da CE, ao regular tan só a actividade forestal sen afectar a outras de características similares, como poden ser a agrícola ou gandeira.

A este respecto, debe indicarse que o uso relativo á saca de madeira é susceptible, polas súas características, de ser considerado como un suposto de utilización especial do dominio público derivado da especial intensidade do uso. O art. 75.1.b do Regulamento de Bens das Entidades Locais considera como uso especial dos bens de dominio público aquel no que concorren circunstancias deste carácter pola "perigosidade, intensidade do uso ou calquera outra semellante. O Tribunal Supremo, na sentenza ditada o 8 de xullo de 1987, di que *"o uso común especial do que fala a norma, é común só convencionalmente, é - poderíamos dicir - común... pero menos. En realidade este uso común especial é un grupo ou modalidade autónoma que está moi preto do uso privativo pero que non se identifica con el. E é que xa non é libre ou público, senón que, pola especial intensidade no caso...esixe dunha intervención administrativa concreta no acto de licenza"*.

O uso relativo ás operacións de corta e saca de madeira, que é reiterado neste municipio dada a súa extensa superficie forestal, implica unha especial intensidade no uso do dominio público viario afectado ao conlevar no só a ocupación do viario con maquinaria e persoal necesario para a realización das tarefas, que poden durar dende un día ata varias semanas ou meses, senón que tamén implica un aproveitamento por parte das empresas madeireiras que lles acarrea unha rendibilidade económica. Por tanto, pode concluírse a correcta cualificación deste uso como uso de especial intensidade, o que conleva a desestimación desta alegación.

b) Extralimitación competencial

Manifesta que o Concello de Vimianzo asume competencias en materia forestal que non lle son propias ao regular a xestión da biomasa forestal residual na superficie do monte, no art. 6.5:

5-. As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de xeito que minimicen o risco de incendio, dando prioridade aos tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ao ciclo produtivo agroforestal ou ao aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas variantes.

A este respecto, resulta evidente que non é vontade do concello nin obxecto da ordenanza regular aspectos que excedan da protección dos camiños e vías públicas municipais. Non obstante, sería conveniente establecer unha redacción xenérica, que remita ao disposto na normativa sectorial de aplicación. A tal efecto, propónse estimar esta alegación, e modificar o art. 6.5, outorgando a seguinte redacción:

5-. As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de acordo co disposto na normativa sectorial de aplicación.

En segundo lugar, alega que o art. 8 establece a prohibición de iniciar os traballos de tala sen contar cos permisos e/ou autorizacións correspondentes, e que o concello non pode exercer a potestade sancionadora



neste ámbito, senón que debería dar traslado á administración pública competente. Non se alcanza a comprender o contido desta alegación, á vista do disposto o art. 9.3 respecto da infracción moi grave “ocultar ou falsear os datos ou a documentación esixida no artigo 5 desta ordenanza”.

c) Infracción do principio de seguridade xurídica

Afirma que se infrinxe este principio ao regular cuestións que non son competencia do concello e ante a falla de concreción dalgúns aspectos, entre os cita: non pode entrar en vigor unha ordenanza sen ter aprobado o inventario de vías públicas municipais, e deben establecerse dúas opcións (presentar a comunicación con un día hábil de antelación ou establecer un prazo máis amplo para que os servizos técnicos municipais reflectan o estado anterior do camiño). Remata sinalando que se invoca o RD 1398/1993, que foi derogado pola Lei 39/2015.

As competencias das entidades locais en materia de protección das vías da súa titularidade exércense en virtude da lei, sen necesidade de ter aprobado un inventario ou catálogo de camiños. Aplicando o argumento da alegante, o concello non podería exercer as competencias conferidas pola Lei de estradas de Galicia en tanto non conte cun inventario de camiños actualizado. Non pode acollerse esta alegación, a pesares de que se recomenda, como non pode ser doutro xeito, que se actualice o inventario municipal de bens e dereitos.

Polo que se refire ás dúas opcións plantexadas, son contraditorias entre sí, posto que se en primeiro lugar se propón que a comunicación previa se presente con un día hábil de antelación, presumindo o bo estado das vías a empregar, como segunda opción se propón que os servizos técnicos municipais contén cun prazo superior ao máximo de cinco días hábiles a contar dende a presentación da comunicación previa, para comprobar o estado previo das vías. A primeira opción impide calquera comprobación por parte do concello, e a segunda retrasaría notablemente o cumprimento dos trámites esixidos para o inicio dos traballos. Polo tanto, considero que a tramitación prevista é axeitada, posto que nun máximo de dez días hábiles (no caso de que a documentación estea completa) desde a presentación da comunicación previa, a empresa madeieira pode iniciar os traballos. Por tal motivo, debe desestimarse esta alegación.

Polo que se respecta á mención do RD 1398/1993, efectivamente se trata dun regulamento derogado expresamente pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, razón pola cal debe acollerse esta alegación e eliminarse esta referencia do articulado da ordenanza.

d) Sobrecarga administrativa inxustificada

Alega FEARMAGA que o transporte de madeira non pode considerarse un uso excepcional das vías públicas, polo que non procede ningún medio de control nin a esixencia de garantías. Esta cuestión xa foi respostada na análise da alegación primeira.

Alega, en segundo lugar, que o concello pretende trasladar ás empresas madeireiras a súa responsabilidade de manter en bo estado as vías públicas. En absoluto pode sosterse tal afirmación tras unha lectura rigurosa da ordenanza, que unicamente pretende establecer a obriga de repoñer os danos que se causen nos bens de titularidade municipal a aqueles que os causaran; obriga que tamén se impón no art. 92.6 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas, texto legal de aplicación supletoria ás administracións locais. En consecuencia, debe desestimarse esta alegación.

En terceiro lugar, alega que tanto a esixencia de comunicación previa como de prestación dunha garantía non se axustan ao principio de proporcionalidade do art. 4.1 da Lei 40/2015 nin ao ritmo de traballo habitual das empresas. O art. 69.2 da Lei 39/2015 define a comunicación previa:

2. A los efectos de esta Ley, se entenderá por comunicación aquel documento mediante el que los interesados ponen en conocimiento de la Administración Pública competente sus datos identificativos o cualquier otro dato relevante para el inicio de una actividad o el ejercicio de un derecho.

No ámbito local, o art. 84 da Lei 7/1985, da redacción outorgada pola Lei 27/2013, contempla a comunicación previa como medio de intervención na actividade dos cidadáns, establecendo o 84 ter:

Quando el ejercicio de actividades no precise autorización habilitante y previa, las Entidades locales deberán establecer y planificar los procedimientos de comunicación necesarios, así como los de verificación posterior del cumplimiento de los requisitos precisos para el ejercicio de la misma por los interesados previstos en la legislación sectorial.

Considero que a comunicación previa é o instrumento axeitado (o medio e intervención mínimo e preciso, pode dicirse) para a consecución da finalidade da ordenanza, que non é outro que a protección do dominio público viario.

Continúa FEARMAGA indicando que non procede a esixencia de presentación de copias compulsadas, posto que o art. 28 da Lei 39/2015 establece que tan só se esixirán en situacións excepcionais. Únicamente se esixe a presentación en copia compulsada de un total de dous documentos (solicitude autorización e seguro



responsabilidade civil) sobre os dez puntos que se numeran no art. 5.2, o cal debe cualificarse como proporcionado. Non obstante, o órgano competente pode prever a esixencia de copia simple, se o considera oportuno, o cal redunda nunha maior simplificación administrativa.

Por último, alega que debería ser suficiente a presentación dun seguro de responsabilidade civil en lugar da constitución de garantía, e por calquera das formas previstas na lei de contratos. A este respecto, debe dicirse, tendo en conta a definición deste seguro por parte da Lei 50/1980 (art. 73) do contrato de seguro como un seguro xeral de responsabilidade, que a garantía ten como finalidade responder das obrigas contidas na ordenanza, determinándose a súa contía en función das toneladas a extraer e do itinerario previsto; garantía que pode depositarse en calquera das formas previstas pola lei de contratos (aval bancario, seguro de caución ou metálico).

Por último, tal como se indicou no informe emitido con carácter previo á aprobación inicial, debe terse e conta que o Concello de Vimianzo ten vixente unha ordenanza fiscal (nº 19) reguladora da taxa por depósito, carga e transporte de madeira de tala e outros materiais, na que se establece, aparte dunha taxa, unha fianza en función do peso máximo autorizado do vehículo, para responder dos danos en viais e infraestruturas (artigo 5). Resulta paradóxico que nada se alegue respecto da citada ordenanza, na cal se fai referencia á necesidade de obter licenza para estas actividades, e se prevea unha taxa e unha fianza. Os medios de control previstos son, sen lugar a dúbidas, moito máis estrictos que os que se establecen na presente ordenanza."

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse a este, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Vimianzo e dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Dacordo co disposto no art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, contra esta ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O texto aprobado definitivamente é o que se transcribe de seguido:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIMIANZO

1. PREÁMBULO

A actividade madeireira ten suma importancia no Concello de Vimianzo, debido a que unha boa parte da superficie municipal está cuberta por especies arbóreas. Asemade, a industria de transformación deste sector tamén é moi importante para a economía do concello, debido aos postos de traballo que xera e á elaboración de produtos de alto valor engadido.

Nembargantes, o importante conxunto de investimentos que durante os últimos anos se viñeron realizando no municipio para rehabilitar pistas e acondicionar camiños de titularidade municipal induce a implantar unha normativa que, sen diminuír os dereitos que todos gozan para transitar, free o uso inadecuado ou desproporcionado dos mesmos e o conseguinte deterioro dos firmes. O período transcorrido dende a data en que estas vías se acondicionaron serviu para que a Corporación coñeza os resultados que se derivan da inexistencia dunha normativa que impida o uso indiscriminado e negligente destes bens de dominio público.

O concello, consciente da importancia do sector da madeira, pero tamén preocupado polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas viarias locais, e polo tanto no conxunto da poboación, pretende garantir con esta ordenanza á conservación das vías públicas de titularidade municipal que poden verse afectadas polas labores de xestión forestal e ser obxecto de estragos por causa das operacións de corta e saca de madeira.

Para estes efectos, establécense unha serie de obrigas que afectan tanto ás empresas como ás persoas propietarias dos montes explotados. Para levar o control das operacións forestais que se desenvolvan, o concello requirirá a presentación dun escrito de comunicación previa para informar da realización de actividades extractivas de madeira, e dunha fianza, necesaria para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local.

2. TÍTULO I: HABILITACIÓN NORMATIVA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

Artigo 1.-Habilitación normativa.

Esta ordenanza ditase en virtude da potestade regulamentaria municipal recoñecida nos artigos 4º 1.a) e 84 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e 6.1 a) e 286.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), e na esfera das súas competencias, entre as que se atopa, a competencia en materia



de infraestrutura viaria e de conservación de camiños e vías rurais segundo o establecido nos artigos 25.2 d) da LRBRL e no artigo 80.2 d) da LALG.

Asemade, en canto as vías municipais son bens de dominio público, resulta de aplicación o disposto no artigo 3.1 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, que aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RB).

A intervención a través de comunicación previa para a protección do dominio público viario e a regulación do procedemento de comunicación necesario e de verificación posterior fundaméntase nos artigos 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e nos artigos 84 c), 84 bis e 84 ter da LRBRL.

A ordenanza regula tamén o réxime sancionador que resulta de aplicación, ao amparo do artigo 139 da LRBRL e o artigo 44.2 do RB.

Artigo 2.-Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais, fronte aos danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos como consecuencia da corta e saca de madeira e usos equiparables dentro do termo municipal. Así, esta ordenanza afecta aos actos que teñan por obxecto a obtención de madeira e o seu transporte (operacións preparatorias de corta, desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos e transporte de madeira, etc.) cun volume estimado superior a 20 m3 ou cun peso superior a 20 toneladas.

Artigo 3.-Definicións.

– Actividade forestal: aos efectos desta ordenanza, considérase como actividade forestal aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características do cultivo agrícola.

– Corta e saca de madeira: aos efectos desta ordenanza, por corta e saca de madeira deberá entenderse a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro dos límites do termo municipal de Vimianzo que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento dos vehículos e a maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, carga e transporte).

– Empresa madeireira: aos efectos desta ordenanza, por empresa madeireira debe entenderse a persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para autoconsumo e teñan por destino a súa comercialización.

– Camiño: aos efectos desta ordenanza, enténdense por camiño o viario de dominio e uso público municipal con capa de rodadura de terra ou zahorra, xeralmente para tráfico local.

– Estrada: aos efectos desta ordenanza, enténdense por estrada as vías de dominio e uso público municipal asfaltadas, proxectadas e construídas para a circulación de vehículos.

Artigo 4.-Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal do Concello de Vimianzo, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

3. TÍTULO II: AUTORIZACIÓN E RÉXIME XURÍDICO.

Artigo 5.- Requisitos necesarios para as operacións de corta e saca da madeira.

1-. Para garantir a conservación dos camiños e estradas municipais e minimizar o risco de accidentes, antes de realizar os traballos de corta e saca de madeira en plantacións forestais deste concello, será obrigatorio presentar nas oficinas do Rexistro municipal ou ben a través da sede electrónica do concello ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica municipal, un escrito de comunicación previa segundo os requisitos previstos nesta ordenanza. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foran da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas, de preservación do patrimonio arqueolóxico, ou calquera outra, incluída a licenza municipal urbanística para os supostos previstos no artigo 142.2 i) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (a corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando dita corta derive da lexislación de protección do dominio público).

2-. O escrito de comunicación previa será asinado pola empresa madeireira, debendo constar nel a información seguinte:

- Datos identificativos da empresa madeireira.
- Especie/s de árbores obxecto da corta.
- Volume (ou peso) da madeira que se prevé extraer.
- Nome das fincas ou montes afectados, con indicación do lugar e da parroquia.
- Identificación catastral das parcelas ou montes afectados (Referencia catastral e cartografía catastral con indicación das mesmas).



- Titular ou titulares da finca ou monte afectado.
 - Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
 - Lugar de depósito, camiños e estradas de titularidade municipal a empregar nos traballos e no transporte da madeira. Para estes efectos achegarase o itinerario gráfico completo que vai ser empregado e as datas da súa utilización.
 - Fotocopia da solicitude de autorización, notificación previa ou comunicación para execución de aproveitamentos forestais, segundo o previsto no Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal. En caso de que fóra precisa licenza urbanística municipal, farase referencia á data de solicitude ou ao número de resolución.
 - Fotocopia do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca da madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as operacións.
- 3-. Poderase presentar un escrito de comunicación previa para varios montes e/ou parcelas cando os traballos vaian a realizarse simultaneamente. Neste caso, deberán constar no escrito de comunicación previa os seus datos identificativos, incorporando a correspondente ficha catastral.
- 4-. O Concello de Vimianzo terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa (ver modelo no Anexo I).
- 5-. Se o escrito de comunicación previa ou a documentación se presentase incompleta, requirirase ao interesado, ao abeiro do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, para que no prazo de 10 días hábiles a complete, emende ou aclare, coa indicación de que, namentres, queda suspendido o procedemento. Advertiráselle, ademais, de que en caso de incumprimento ou defectuoso acatamento do requirimento ditarase resolución téndosele por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da lei de procedemento.
- 6-. No caso de que se incumpra a obriga de presentar o escrito de comunicación previa establecida neste artigo, o concello suspenderá os actos de saca de madeira que se estean realizando. Neste suposto, o concello requirirá ao madeireiro o seu cumprimento, outorgándolle o prazo que se considere oportuno en cada caso, sen que poda exceder dun mes. Cando o madeireiro non puidera ser identificado, serán responsables do cumprimento desta obriga os propietarios dos montes ou parcelas de que se trate. O disposto neste apartado, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta ordenanza, conforme ao establecido nela.
- 7-. O concello, excepcionalmente, poderá denegar ou limitar o acceso e/ou o depósito por calquera das vías ou zonas indicadas no escrito de comunicación previa, de forma motivada, tendo en conta o seu estado, a resistencia do seu firme, a súa ubicación, a súa utilización na data solicitada para outros fins ou calquera outra causa xustificada.
- 8-. O persoal adscrito aos servizos municipais de obras e servizos e/ou os axentes da policía local serán os encargados de verificar o estado das vías públicas as que se refira a comunicación previa para os efectos de acreditar o seu estado antes da saca; a tal efecto, aportarase ao expediente un informe co correspondente estudio fotográfico das vías afectadas. A ese mesmo persoal corresponderá a verificación e comprobación de que o uso do viario se axusta ao previsto nesta ordenanza e á documentación achegada xunto co escrito de comunicación previa. O resultado da súa actuación tramitarase de acordo co disposto no artigo 7.7 e 7.8 desta ordenanza.
- Artigo 6.-Obrigas.
- 1-. A empresa madeireira estará obrigada a asumir os custes de reparación dos estragos producidos nos camiños e estradas municipais, nas estruturas anexas ou noutros elementos de dominio público local.
- 2-. A empresa madeireira fica obrigada á limpeza e retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que os camiños, estradas ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.
- 3-. Os depósitos de rolla, polas e demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscar a funcionalidade das gabias, taxeadas, canalizacións, pontes ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou estradas, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias. A estes efectos, prohibese o depósito ou acopio de lotes de madeira, así como, con carácter xeral, as labores agrícolas ou forestais nas zonas indicadas anteriormente.
- 4-. Prohibese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais fiquen ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse nos contedores municipais axeitados de acordo á súa composición. Os residuos industriais, especialmente os aceites usados, entregaranse a xestor autorizado.
- 5-. As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais **de acordo coa normativa sectorial de aplicación**.
- 6-. A empresa madeireira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.



7-. Prohíbese o uso do dominio público para almacén ou depósito da madeira, agás naquelas zonas expresamente autorizadas ao efecto polo Concello de Vimianzo.

8-. A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non asolague e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

9-. As limpeza deberanse realizar nun prazo máximo de 24 horas a partir da retirada da madeira; as reparacións deberanse realizar no prazo máximo que para cada caso indiquen os servizos técnicos municipais; non obstante, de producírense alteracións que imposibiliten o uso dos camiños e das estradas durante a corta e/ou a saca da madeira, deberanse realizar as reparacións, inmediatas e provisionais, que posibiliten o uso compatíbel das infraestruturas por persoas, animais ou maquinaria.

11-. O disposto no apartado anterior deste artigo, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polos incumprimentos desta ordenanza, conforme ao establecido nela.

Artigo 7.-Garantía.

1-. As empresas madeireiras deberán depositar unha garantía a favor do concello en calquera das formas previstas no Texto Refundido da Lei do contratos do sector público, aprobado mediante Real Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, co obxecto de responder das obrigas contidas nesta ordenanza, na contía valorada polos servizos técnicos municipais, en función das toneladas extraídas e dos quilómetros polos que transcorra o itinerario ou itinerarios de saca e transporte polos camiños ou estradas locais.

2-. Os servizos técnicos municipais, á vista do escrito de comunicación previa e da documentación sinalada no artigo 5.2, emitirán un informe, no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte ao da súa presentación, onde concretarán o importe da garantía en función das características das operacións a realizar.

3-. O madeireiro deberá depositar a garantía na Tesourería Municipal, no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción do informe no que quede fixada a súa contía, e en todo caso, con anterioridade á data prevista para comezar os traballos de saca de madeira.

4-. No caso de que se incumpra a obriga a que se refire o apartado anterior, o concello suspenderá o procedemento e os actos de saca de madeira que, no seu caso, se estean realizando, e procederá de conformidade co establecido no artigo 6 apartados 10 e 11 desta ordenanza.

5-. No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar, ao mesmo tempo, cortas en parcelas contiguas, o volume total de madeira extraída desas parcelas deberá sumarse para os efectos do cálculo da fianza que se lle aplicará.

6-. Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente de devolución da fianza completárase nun prazo dun mes, toda vez que os servizos municipais comproben o cumprimento das obrigas das que a garantía debe responder.

7-. En caso de cumprimento das obrigas das que a garantía debe responder, o concello devolverá a garantía, previo informe técnico, no que quede reflexado que non se causaron danos nin desperfectos nas vías e infraestruturas públicas municipais e que as pistas, camiños ou espazos públicos utilizados se atopan en perfecto estado de conservación e limpeza una vez rematados os traballos.

8-. En caso de incumprimento, o concello procederá de conformidade co establecido nos apartados 10 e 11 do artigo 6 desta ordenanza. Transcorrido o prazo outorgado no requirimento, si este foi atendido, o concello devolverá a garantía, previo informe favorable dos servizos técnicos municipais.

Transcorrido ese prazo sen que se de cumprimento ao requirimento, o concello acordará a realización dos traballos que sexan necesarios, a costa do obrigado, sobre o importe da garantía depositada.

9-. Cando as cantidades depositadas en concepto de garantía resulten insuficientes para sufragar os traballos mencionados no parágrafo anterior, recadarase a diferenza en concepto de ingreso de dereito público.

10-. O disposto no apartado 8º deste artigo, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta ordenanza.

Artigo 8. Prohibicións.

O madeireiro encargado de realizar as operacións de saca da madeira deberá respectar as seguintes prohibicións:

- Iniciar os traballos de tala sen contar cos permisos e/ou autorizacións sectoriais correspondentes e/ou sen constituír a garantía esixida no artigo 7 desta ordenanza.

- Usar as vías públicas para almacén ou depósito da madeira. Os depósitos de rolla, ramas ou podalla, non poderán invadir as zonas de circulación de vehículos e persoas, nin menoscabar as infraestruturas anexas aos viais, nin supoñer un risco para os usuarios da vía.

- Efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados como movementos de terra.

4. TÍTULO III: INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Artigo 9.-Infraccións.



1-. Son infraccións desta ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nela. A comisión de calquera infracción levará aparelada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, ademais da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

2-. As infraccións cualifícanse en moi graves, graves e leves.

3-. Constitúen infraccións moi graves:

– Realizar calquera das actividades relacionadas coa saca de madeira sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.

– Non presentar o escrito de comunicación previa de realización dos traballos forestais, unha vez fose requirido polo concello e no prazo que se lle indique.

– Deixar as vías municipais nun estado de sucidade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.

– Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor superior a 6000,00 €.

– Ocultar ou falsear os datos ou a documentación esixida no artigo 5 desta ordenanza. Cando esta conduta veña referida á falta de solicitude de autorización, notificación previa ou comunicación para a execución de aproveitamentos forestais que esixe o Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal, darase traslado ao órgano autonómico competente para o exercicio, no seu caso, da potestade sancionadora.

– Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas graves, firmes na vía administrativa.

4-. Son infraccións graves:

– Non presentar o escrito de comunicación previa, aínda que o achegue despois de ser requirido polo concello.

– Deixar as vías municipais en deficiente estado de sucidade, segundo o informe municipal emitido para o caso.

– Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor inferior a 6000,00 €.

– Non demoler ou non volver ao estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para a entrada aos terreos forestais.

– Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.

5-. Son infraccións leves:

– Calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao concello.

Artigo 10.-Sancións.

1-. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

– Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01 € e 3.000,00 €.

– Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 750,01 € e 1.500,00 €.

– Infraccións leves: multa de ata 750,00 €.

2-. A imposición das sancións requirirá a tramitación do correspondente procedemento, de conformidade co disposto **nos artigos 25 a 31 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.**

3-. O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

4-. As multas e sancións impostas ao amparo desta ordenanza reduciranse na súa contía nun 50% no caso de seren aboadas no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

5-. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se for o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

6-. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbese lugar.

7-. A resolución do expediente sancionador corresponderá á Alcaldía.

Artigo 11.- Responsables.

1-. A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O concello velará especialmente para que ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden nun estado axeitado de conservación, limpeza e seguridade.

2-. A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta, saca e transporte por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.



3-. Os propietarios das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables nomeadamente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, de tomar as medidas precisas para previr tanto os risos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS.

Primeira-. En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da LRBRL, esta ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 66.2 do citado texto legal.

Segunda-. O modelo normalizado de escrito de comunicación previa manteranse permanentemente publicado e actualizado na paxina web municipal.

O anexo que se incorpora a esta ordenanza non ten carácter regulamentario e tanto o seu número como o seu contido poderá ser adaptado, modificado ou ampliado por resolución da Alcaldía ou órgano delegado.

Terceira-. A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta Ordenanza Municipal queda derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por depósito, carga e transporte de madeira e outros materiais, publicada no BOP nº 19 do 23 de xaneiro de 2002.

ANEXO I

COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA

DATOS DA EMPRESA MADEIREIRA

Denominación:

N.I.F.:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico:

Persoas de contacto:

DATOS DA PROPIEDAD

Especie/s de árbores obxecto da corta:

Volume ou peso total a extraer (m3 ou t):

Nome dos montes / lugar / parroquia:

Identificación catastral (aportar plano):

Titular/es das parcelas afectadas:

DATOS DO APROVEITAMENTO

Datas previstas de inicio e remate:

Lugar onde se depositará a madeira:

En aplicación da Ordenanza Municipal reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Vimianzo en relación coas actividades forestais, comunico o inicio de actividades forestais nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que se achega (marque o que corresponda):

≤ Fotocopia compulsada da solicitude de autorización, notificación previa ou comunicación para execución de aproveitamentos forestais, segundo o previsto no Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal.

≤ En caso de que fóra precisa licenza urbanística municipal: data de solicitude:..... ou número de resolución.....

≤ Fotocopia do seguro de responsabilidade civil ou similar.

≤ Fotocopia do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil.

≤ Itinerario completo que vai a ser empregado (con plano explicativo).

Vimianzo, de de 20.....

Asdo: (Representante da Empresa).

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos facilitados a través desta instancia serán tratados de xeito confidencial. Estes datos serán incorporados aos ficheiros do Concello de Vimianzo relacionados con este trámite. Os datos utilizaranse para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que vostede inicia con esta solicitude.



Así mesmo, infórmase de que en calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIMIANZO"

Vimianzo, 19 de xaneiro de 2017

O alcalde

Manuel Antelo Pazos"

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor do grupo municipal Adiante Vimianzo e a Sra. Mouzo Maceiras, e dúas abstencións de IxV e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

3º. Proposta da Alcaldía para modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24 reguladora da taxa da prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de xaneiro de 2017, ditaminada pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos reunida o 24 de xaneiro de 2017, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA PLENO

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 24, REGULADORA DA TAXA DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, ESCOLA INFANTIL, CENTRO DE DÍA, COMEDOR SOBRE RODAS E LAVANDERÍA SOBRE RODAS

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de modificar a ordenanza fiscal nº 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, para actualizar as tarifas segundo a variación anual do IPC.

Visto a variación do IPC a novembro de 2016, que foi de 0,7 %.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co seguinte texto proposto:



“7.3. A cota tributaria pola prestación do servizo de centro de día determínase de conformidade coa seguinte tarifa:

PREZO MES

Ingresos (Renda per cápita)	Cota por usuario a xornada completa	Cota por transporte 2 Viaxes (€)
Menores ou iguais á PNC	0,50 x SMI	39,29
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	0,70 x SMI	39,29
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	0,90 x SMI	39,29
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	1,00 x SMI	39,29
Maiores ao triplo do SMI	1,50 x SMI	39,29

(...Resto do artigo permanece igual...)

7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

PREZO SERVIZO

Ingresos (Renda per cápita)	Comedor (€)	Lavandería (€)
Menores ou iguais á PNC	1,20	0,36
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	2,37	0,59
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	3,59	0,74
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	4,75	0,96
Maiores ao triplo do SMI	5,96	1,20

A estos prezos hai que engadirle un custo de 1,77 € por día para o transporte se éste fose necesario.

7.5. As tarifas numéricas sinaladas no caso dos servizos de comedor, lavandería sobre rodas, e para a parte da cota referida ao transporte no caso do centro de día, serán actualizadas anualmente conforme ás fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLRFL.

Esta revisión empezará a aplicarse para o exercicio 2007 tendo en conta o IPC de decembro 2005 a novembro de 2006.”

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da Ordenanza fiscal nº 24 no Boletín Oficial da Provincia.

Vimianzo, 19 de xaneiro de 2017



O Alcalde

Manuel Antelo Pazos”

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor de Adiante Vimianzo, tres abstencións de IxV e Sra. Mouzo Maceiras e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

4º. Proposta da Alcaldía para aprobación da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2016 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de xaneiro de 2017, ditaminada pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos reunida o 24 de xaneiro de 2017, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA PARA O PLENO

Liquidación definitiva correspondente ó exercicio 2016 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas

Visto o escritos do Grupo Reacteda (RE 298 de 18 de xaneiro de 2017) de liquidación definitiva do exercicio 2016, en relación co contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas.

Vistos os informes de Intervención e Servizo Económico-Administrativo, e informe conxunto de Servizos Sociais e Servizo Económico.

Esta liquidación ascende a un total de 344.736,90 euros dos que se atopan pendente a contía de 23.807,24 euros. A esta cantidade hai que descontar o canon a favor do concello por importe de 18.916,81 euros.

Dado que a variación do IPC de novembro de 2015 a novembro de 2016, de acordo co INE, foi un 0,7% polo que o canon a pagar pola empresa no exercicio 2017 será de 19.049,23 euros.

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos e cláusula sexta do contrato administrativo os prezos de servizo e praza, vixentes para o exercicio 2016, unha vez aplicada a variación do IPC, serán os seguintes:

1. Vivenda Comunitaria: 1.518,91 euros/mes.
2. Escola Infantil: 437,84 euros/mes.
3. Comedor sobre rodas: 9,24 euros/menú.
4. Lavandería sobre rodas: 3,87 euros/lavado.

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos os pagos a conta para o exercicio 2016 será o 90% da liquidación definitiva que importan un total de 310.263,21 euros.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:



Primeiro.- Aprobar a liquidación definitiva do exercicio 2016, que supón un custo total para o Concello de 344.736,90 euros, quedando pendente de pagamento 23.807,81 euros.

Segundo.- Para este exercicio 2017 e de acordo co establecido no contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas e de forma específica para este exercicio os pagos a conta serán de 310.263,21 euros, repartidos co seguinte detalle:

- xaneiro: 26.640,41 euros
- meses de febreiro a novembro: 25.783,87 euros
- decembro: 25.783,90 euros

Terceiro.- Que se proceda ó pagamento da contía pendente, que ascende á catro mil oitocentos noventa euros e corenta e tres céntimos (4.890,43 euros), unha vez deducido o canon, á empresa adxudicataria deste servizos Grupo Reacteda, S.L.

Cuarto. Que o canon que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de 19.049,23 euros que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2017.

Quinto. Modificar a cláusula sexta do contrato administrativo de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas, no relativo os prezos de servizo e praza, que para o exercicio 2017 serán os seguintes:

- Vivenda Comunitaria: 1.518,91 euros/mes.
- Escola Infantil: 437,84 euros/mes.
- Comedor sobre rodas: 9,24 euros/menú.
- Lavandería sobre rodas: 3,87 euros/lavado.

Vimianzo, 19 de xaneiro de 2017

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde di que rpeto de 350.000 euros custan ás arcas municipais os servizos sociais comunitarios, e aquí vese o custe de cada praza, datos a ter en conta para saber en que se gastan os recursos públicos.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor de Adiante Vimianzo, tres abstencións de IxV e Sra. Mouzo Maceiras e ningún voto en contra, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control

5º. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta dos seguintes anuncios publicados no BOP:

- Anuncio de aprobación inicial de modificación de créditos 2016/TC/11 (BOP n.º 226 do 29 de novembro de 2016);
- Anuncio de aprobación inicial do orzamento municipal do Concello de Vimianzo para o exercicio 2017 (BOP n.º 228 do 1 de decembro de 2016);
- Anuncio de aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da protección dos camiños e vías públicas do concello de Vimianzo (BOP n.º 229 do 2 de decembro de 2016);



- Anuncio de aprobación definitiva de modificación de créditos 2016/TC/11 (BOP n.º 243 do 26 de decembro de 2016);
- Anuncio de aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello de Vimianzo para o exercicio 2017).

O Pleno da Corporación dase por enterado.

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia, isto é, dende resolución núm. 1501 do 23/11/2016 á núm. 95/2017 do 24/01/2017.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

7º. Dar conta de informes económico-orzamentarios

A interventora da conta dos seguintes informes económico-orzamentarios:

- Período medio de pago 4º trimestre 2016
- Morosidade 4º trimestre do 2016
- Variación neta de activos financeiros

O Pleno da Corporación queda enterado.

8º. Comparecencia do concelleiro delegado de Augas, Alumeado Público e Parque Mobil para informar sobre as melloras realizadas no servizo de abastecemento de auga.

O alcalde di que é a primeira vez que neste concello comparece o goberno a iniciativa propia para informar da súa xestión. Todo o mundo sabe que o abastecemento de auga é un servizo que o goberno colliu nunhas condicións lamentables, e quen mellor pode explicalo é o concelleiro delegado, D. José Antonio Vidal Mira.

O Sr. Vidal Mira, concelleiro delegado a augas, alumeado público e parque mobil, di que vai tratar de explicar o traballo feito no servizo, tratando de ser breve. Comeza indicando que o que vai explicar aquí se aplica a todas as ETAP's (estacións de tratamento de auga potable), que son as que despois subministran á rede. Primeiro fixeron un estudo para ver como estaban, porque o primordial é cumprir a lei, e despois ver as necesidades de cada sitio. Di que primeiro empezaron polas ETAP's onde hai maior consumo, sobre todo eléctrico. Empezouse por Bamiro e Tines, que ademais collen auga da mesma captación. Di que agora están traballando na de Vimianzo, que é moi antiga pero é das que menos problemas da, porque a auga entra e sae por gravidade e non hai consumo eléctrico. Empezaron primeiro polo decantador, o que supón unha mellora dos reactivos, porque se emprega menor cantidade. Adaptaron tamén as bombas aos flitros que hai instalados, porque había bastante desfase entre o instalado e o que se necesita. Foronse adaptando as bombas e incluso eliminando bombas que nos se usan. Están instalando sistemas de alarmas en tempo real, co cal se pode actuar máis rápido eevitar que haxa cortes no subministro. Tamén se eliminaron bombeos, como un instalado en Pasarela, que agora non é necesario porque temos unha captación adicional no polígono. Ademais este bombeo estaba inxectando auga da rede procedente do río, sen ningún tipo de control. O mesmo se fixo co bombeo de Pedra da Bouza, que está conectada co de Castrelo, o cal desviaron.

Segue explicando o concelleiro que están substituíndo tamén os contadores de auga, porque non eran axeitados para a auga potable, senón que están pensados contra incendios. Tamén están tendo bastantes problemas coa rede de distribución, pois temos dúas ou tres avarías diarias, o cal non entende. Hai tramos curtos que xa se están



substituíndo, pois é máis doado cambiar o tramo enteiro que meter manguitos.

Sinala que tamén están substituíndo os contadores dos usuarios. Fixéronse 54 novos enganches, pero o resto son enganches prexistentes. Aparte da cuestión estética dos contadores rotos, o principal é que o sistema funcione correctamente. Púxose en marcha un software para as lecturas e hai que aproveitar as novas tecnoloxías. Levamos dous trimestres con isto e axiliza tanto a lectura como a facturación. Están tamén coa lectura a distancia en aquelas vivendas nas que hai dificultades para ler.

Continúa o concelleiro explicando que a medida que a empresa contratada vai traballando, tamén se fai un traballo de actualización dos datos. Había usuarios enganchados e con contador, sen dar de alta. Isto supuxo novas altas. A xente sabe que agora temos aprobado un regulamento, e tamén estamos tramitando unha modificación da ordenanza fiscal, que temos publicada na páxina web, e trata de favorecer ao pequeno comercio.

Sinala o Sr. Vidal Mira que nos locais municipais non había contador de auga, e temos un desfase entre a auga que sae das ETAP,s e a auga que facturamos, por eso é necesario ter un control exhaustivo do destino da auga. Todo este traballo nos leva a uns aforros importantísimos, pois cando entrou no ano 2015 saían 998.713.000 m³ de auga, dos cales se facturaron únicamente 335 millóns (que non chega ao 40%). Conseguiuse baixar a 881 millóns. Nalgunha ETAP o depósito estaba cheo e a auga saía polo rebosadero. Isto lévanos a tratar a cuestión dos reactivos, sendo tres os que se empregan basicamente: hipocloruro sódico, sosa e sulfato de aluminio. E o PH é o máis neutro posible, o cloro funciona moito mellor. O sulfato emprégase no inverno como apoio para axudar a decantar. A mediados do 2015 tiberon un requirimento de sanidade, que esixía que se xustificaran esas cantidades. Para facernos unha idea, no 2014 se gastaron 53.000 kilos de cloro, no 2015 se gastaron 40.110 kilos e no 2016 14.780 kilos. Explica que esta redución ten a súa explicación, pois milagros non se fan. As melloras inflúen en que o cloro funcione mellor e se consuma menos. Cando sanidade requiriu, primeiro fíxose unha analítica e unha contraanalítica diante deses resultados. A densidade da auga é 1 (1 litro pesa 1 kilo). O cloro que estamos empregando ten unha densidade de 1,066. Neste intervalo foi cando descubriron o problema e cambiouse de proveedor, e tiña unha densidade moito maior. Isto significa que o anterior estaba vendéndolles auga. O mesmo aforro se produciu coa sosa e o sulfato de aluminio. Entende que o principal responsable desta situación é a empresa que o vendía, pois hai unha diferenza dun 75% na calidade do cloro.

Todo isto tamén nos levou nun aumento da auga facturada nun 12% e aínda queda moito por facer. Isto tamén supón un aforro eléctrico importantísimo. Por exemplo, no bombeo de Pasarela no 2015 o gasto era de 2.300 euros mensuais no verán e de 150/180 euros en tempada baixa, e na Bouza de 870 euros en alta e uns 500 en baixa. Nunha modificación que se fixo na ETAP da Piroga reduciuse a factura da luz de 669 euros en agosto de 2015 a 41,43 euros en agosto de 2016. Todo este aforro permitu facer todas as melloras sen custe para as arcas municipais.

Rematada a intervención, o alcalde pregunta se alguén quere formular algunha cuestión.

A concelleira do PSOE di que foi unha exposición bastante clara, e xa contestou a unha das súas preguntas sobre prazo de fin destas modificacións. Pregunta se os veciños van notar nun futuro menos custe nos seus petos grazas a estas melloras.

A concelleira de IxV agradece os datos, que son os do goberno. O que máis importancia ten é a saúde dos veciños. Non entende da materia de bombeos e parece que nalgún caso era necesario reducir, pero di que nalgún caso esa redución pode traer algunha consecuencia.

O alcalde pide que lle diga en concreto cales son esas consecuencias.

A Sra. Rodríguez Ordóñez di que despois llo di ao concelleiro.

O alcalde pide que se diga agora, para poder dar explicacións.

A concelleira di que quitar esa bomba de Pasarela trae consecuencias en Calo e en Carantoña tamén hai problemas. Está dacordo en buscar o aforro, pero non se eso implica unha merma na calidade do servizo.

O concelleiro Vidal Mira di que o aforro se pode estudar a longo prazo, pero o recaudado dos usuarios non é nin moito menos suficiente para sufragar os custes do servizo. Di que o bombeo de Pasarela só se empregaba no verán, e non estaba pensado para dar presións á redem senón para dar auga, pero directamente do río. Non obstante, tratarán de solventar os problemas á maior brevidade posible.

O alcalde di que tras a regularización dos contadores, tras a regularización das lecturas (que é algo do que non falou o concelleiro, lembra o alcalde), onde a xente se lle anota o que consume, en torno ao 90% dos abonados



están no primeiro termo, o que significa 7,5 euros. Ao recibo se lle aplica o canon da Xunta, o que supón que o recibo sobe ao dobre. É unha directriz mundial limitar o consumo de auga e penalizar aos grandes consumidores. Destaca que é a primeira vez que temos datos reais, porque antes o consumo cero non era real. Normalmente as facturas desorbitadas son problema do propio domicilio, pola dobre rede (pública e privada) que ten moita xente. A xente ten que revisar as súas instalacións.

O alcalde agradece ao concelleiro as súas explicacións e o traballo realizado. Este era un reto do goberno por moitas razóns, a primeira delas por saúde pública. Pide ao concelleiro o dato do custe dos reactivos. En 2014 a empresa facturou 75.912,86 euros (tamén se inclúen os das fosas sépticas⁹ e no 2016 tan só 10.000 euros. Anuncia que se van tomar medidas, pedir unha explicación á empresa e ver o que se fai. Non pode permitirse este presunto fraude. O obxectivo deste goberno é rematar a modernización do servizo municipal de auga.

9º. Mocións.

O alcalde pregunta se algún grupo ten alguna moción.

Non hai mocións.

10º. Rogos e preguntas.

O alcalde abre o turno de rogos e preguntas, comezando polo grupo mixto.

10.1. Partido Socialista

A concelleira Paula Mouzo formula as seguintes preguntas:

1ª. Hai novidades dos montes Milleira e Gorreis?

2ª. Hai novidades do Parque do Megalitismo?

3ª. Por que non se avisou aos concelleiros para que asistiran á concentración contra os roubos? Por que non se conta con eles para as xuntas locais de seguridade? Propón facer unha campaña informativa polas casas, para que as persoas maiores teñan información sobre a quen chamar nestes casos.

4ª. Para cando se pensa facer a piscina cuberta municipal? Quere saber o custe do proxecto gañador do concurso.

5ª. Por que leva máis de mes e medio parada a obra da cuberta da pista de padel?

6ª. Para cando está previsto aprobar un PXOM?

7ª. Como está a licitación do tramo de estrada Baíñas-Oliveira?

8ª. Por que o departamento de Benestar social non conta cun psicólogo?

9ª. Cantas licenzas se deron no parque empresarial e cando se vai poñer en marcha o punto limpo?

10ª. Lembra que o 2 de abril de 2016 formulou un rogo respecto da ordenanza para por en valor os nosos lugares e o alcalde riuse. Agora na prensa o alcalde acaba de dicir que quere cobrar por entrar no castelo.

A continuación plantexa os rogos:

1º. Revisión e colocación de farolas na rúa Vázquez Mouzo.

2º. Estudo e preparación do servizo para a emisión dos plenos a través de internet.

3º. Que se permita aos concelleiros do grupo mixto a asistencia a todas as comisións.

4º. Que conte coa oposición para o reparto dos fondos do POS+ 2017.

10.2. IxV

A concelleira de IxV comeza cos rogos:



1º. No edificio de servizos múltiples hai unha zona de certa altura na entrada que non ten barandilla, e tamén que se revise a iluminación.

2º. Seguen con queixas en servizos sociais. Hai usuarios que non teñen as horas que lles corresponden. Volve a esixir o acceso aos expedientes e unha explicación.

A continuación plantexa as preguntas:

1ª. Pide un reformado da senda peonil en Tufiños porque non figura un aparcamento e fai falla. Di que o alcalde presumiu de que tiñan as cesións correspondentes dos veciños e hai un tramo paralizado, parece que non as hai. Tamén era necesario un reformado porque hai zonas de certa altura sen peche nin escollera. Non cumpre coa seguridade vial.

2ª. Veñen pedindo que se resolvan expedientes de investigación. O goberno convocounos a unha comisión informativa e dixeron que hai cinco expedientes en curso, e gustaríalles que alguén no pleno fixera unha exposición como fixo a secretaria na comisión. O que fixeron foi escudarse nunha sentenza, e algún deses expedientes está iniciado no 2011 ou 2012. gustaríalles que ese resume da comisión se fixera no pleno. Pide que se hai moita carga de traballo, que se nomee a outra instructora. Incluso un deses expedientes foi a instancia do BNG.

3ª. Fala de caos no departamento de urbanismo. Na última xunta de goberno que lle remitiron onte, por certo, todo son denegacións de licenzas de obras, actividade, etc. Nos últimos dous anos levamos varios técnicos, cada un cos seus criterios. Non se pode permitir que se remate unha obra no polígono e non teña licenza de actividade. En vez de gastar un millón de euros en cultura, o alcalde ten que facer un PXOM.

O alcalde responde aos rogos e preguntas da oposición. Vai tratar de ser breve pero hai moitas palabras en riba da mesa, sen rigor ningún.

En primeiro lugar, di que tanto os técnicos municipais como os particulares, non teñen que ter diferente criterio, senón un: o que establece a norma. Aquí tiñamos problemas con licenzas nulas. Sabemos que as nosas NNSS son malas, e foi este goberno quen promoveu dúas modificacións puntuais. A última delas para aumentar o fondo dos baixos comerciais, que actualmente é de 18 metros, para que se poda implantar un centro comercial. Temos caos en urbanismo cando alguén pretende poñer un negocio nun edificio sen rematar, e a concelleira sabe moito disto. Como provoca caos que alguén faga un muro de contención ou modifique unha beirarrúa sen autorización municipal. A xente ve facer este tipo de cousas e pregunta porque eu non as podo facer. Os problemas veñen por facer un proxecto para unha vivenda con catro alturas, cobrarlle 40.000 euros e no cambio de goberno sabe que non se le pode dar. Ou dicirlle que faga unha casa sen licenza. Eso é o caos.

Di o alcalde que no parque empresarial non se instalan máis empresas porque non se favorece. É certo que hai unha nave que non ten licenza de primeira ocupación, e se está realizando unha actividade é de forma ilegal, porque non fixo a obra conforme á licenza. E di que todo o mundo sabe que se presenta unha comunicación previa coa documentación completa, en quince días pode empezar as obras. Se non temos máis actividades é porque os nosos xóvenes están fora. Este goberno non é dos que deixa os expedientes sen resolver, nos caixóns. Cre que os técnicos que fan eso deberían ser denunciados nos colexios profesionais e devolver o que cobran. Por desgraza, eso foi froito dunha cultura que agora non se da. Temos moitas reunións para buscarlle unha solución aos problemas, pero sempre lle aconsella aos veciños que collan a un técnico honrado.

Ao respecto dos expedientes de investigación, alégralle que diga ue o goberno informou e tivo acceso aos expedientes. A exposición na comisión non foi política, foi a secretaria quen lla dou. No caso de Pasarela, o concello resolveu que o camiño era público, e o xulgado non entrou no fondo, quedouse nunha cuestión formal. No momento en que teñamos a sentenza, imos traer todos os expedientes para resolvelos. Pero a cousa non se queda aí, porque pode haber recursos.

Agradece que o responsabilice da senda de Tufiños. Foi un momento complicado, cunha oposición coa que non se podía falar. Non é unha obra municipal, e dalgunha cuestión el xa falou con quen tiña que falar. Claro que as cesións están todas, e certificadas pola secretaria. Cando se fixo a senda de Calo, houbo xente que non quixo ceder, e houbo que facela doutra maneira. Onde non había muro non se pode repoñer. Descoñece se hai algún tramo paralizado. Resolveuse o problema da praza e do aparcadoiro.



Ao respecto dos rogos, pídelles que sexa un pouco máis explícita coas queixas que teñen do SAF. El coñece unha queixa: que o atenda unha única auxiliar, cando o criterio é que as auxiliares roten. Sinala que un día, das 7 auxiliares só había 3, porque 2 estaban de baixa e outras 2 noutros sitios, e a empresa solventou a situación como pudo. Ao respecto das queixas dos dependentes, eso xa o dixo o alcalde antes de que a traballadora social collera a baixa. Sabe que non pode haber dependentes en lista de agarda. Se non ten a proposta da Xunta, a esa persoa hai que darlle o servizo por libre concorrência. Pide outra vez que lle diga que casos son.

A concelleira de IxV di que non se lle están dando as horas que ten aprobadas.

O alcalde di que eso é certo, e o que lle din os funcionario do servizo é que ese usuario non quere as horas. Se é certo que hai xente que renuncia a esas horas en contra da súa vontade, entón que llo digan, porque esas non son as directrices do goberno. Di que o conflito que tiñan as traballadoras do SAF co goberno rematou, e el gustoso firmaría o acordo ao que chegaron coa empresa, porque o que queren é que se preste o servizo.

Respecto de emitir os plenos por streaming, teñen un orzamento de 500 euros por sesión e parécelle moi caro. Non pode pedirle que incumpra a normativa e sabe que as comisións informativas non son públicas, e non poden asistir persoas que non son membros do órgano.

Acusa á concelleira do PSOE se ter o costume de apropiarse das ideas dos demais. Non lle diga ao goberno como xestionar o patrimonio cultural. Hai moitos anos que teñen a idea de cobrar de entrada, para que a xente o valore e contribúa á súa conservación. Nin o Castelo nin os Batáns son propiedade municipal, pero teñen o compromiso político de facelo.

O punto limpo prevese poñelo en funcionamento antes do verán, porque hai que aprobar unha ordenanza e un prego para licitalo. Vai ser a iniciativa da mellora da recollida dos residuos sólidos urbanis, para separar e reducir a factura de Sogama.

As licenzas do parque son as naves xa construídas, e só unha das rematadas non ten licenza de primeira utilización nin de actividade. Non sabe se está aberta e este tema xa saíu hai tempo e incluso se dixo que o alcalde perseguía a este empresario.

Ao tema dos servizos sociais xa contestou, e de feito tampoco temos un psiquiatra, nin matrona, nin avogado. Non temos profesionais liberais. Outra cousa é que o concello leve a cabo unha actividade que requira un título.

A estrada Baíñas-Oliveira licítarase cando se peche o exercicio, e aproveita para felicitar aos servizos económicos porque nunca se fixo tan rápido o peche.

Tivo unha entrevista coa secretaria xeral de urbanismo e faloulle do PXOM. O problema é que o concello tivo unha subvención que se perdeu porque o alcalde anterior lle descubriron o petate que ía facer e retirouno, e agora pediulle retomar esa subvención.

A cuberta da pista de padel está en prazo, e estarán pendentes de que se cumpran os prazos, igual que a cuberta do pabellón.

Dille á concelleira do PSOE que non hai ningún proxecto de piscina. Houbo unha campaña de alguén que quixo enganar á xente para que se fixeran unha piscina. Fixo as bases dun concurso, foron recurridas, e a sentenza favorable ao concello saíu sendo el alcalde, e decidiron fallalo. A idea gañadora é moi interesante, pero temos que pensar que facemos coa piscina actual. Facer unha piscina vai andar polo 1.200.000 euros. Sabe das dificultades económicas para gastar e para financeira.

Respecto da xunta local de seguridade, el non pode incumprir a lei. Cumprindo a lei, o subdelegado impediu celebrar unha xunta cos alcaldes de Camariña, Muxía e Zas. Despois celebrouse a xunta e foi unha reunión moi satisfactoria. Consequimos organizar unha charla informativa co comercio e coa xente maior co tema dos fraudes.

Respecto do parque do Megalitismo, a idea foi impulsada na época de Fraga, o bipartito redactou o proxecto sectorial, que se aprobou no primeiro ano de goberno de Feijoo e non se fixo nada. O concello sinalizou as rutas e o acceso a internet a través dos móbiles (cos códigos QR). Por parte da Deputación hai intención de adicar cartos a proxectos singulares, e falase de apoiar o que non apoia a Xunta. Están traballando con un equipo de expertos nese proxecto, ao que se incorporarán máis concellos.

Dos montes Milleira e Gorreis di que estes últimos quince días estivo intentando falar co xefe territorial de Medio Rural. Solicitouse a rescisión do consorcio para que os xestione o concello e despois o concello terá un acordo cos veciños. Hoxe chamou e díxolle que o vindeiro mércores virá a Vimianzo, Falarán diso e da concentración parcelaria de Cereixo e Carnés.



Sen máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e cincuenta e tres minutos, a presidencia remata a sesión e eu redato esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 27 de xaneiro de 2017.

O alcalde

A secretaria